

No sec. XIV habitaba en Allariz unha poboación xudía respectable, confinada dentro da vila, que vivía conxugando un innegable dinamismo económico co acoso provocado pola “oficialidade” cristiá, moradora da cidade amurallada. Chegada a festividade do Corpus, e aproveitando que a procesión do Santísimo necesitaba saír extramuros para achegarse ao convento, era cando os xudeus desafogaban as súas iras e frustracións, berrando e insultando ao paso da procesión. Contan os cronistas que Xan de Arzúa, un fidalgo alaricano de profundas conviccións relixiosas, decidiu dar fin a esta situación. Chegada a procesión do 1317 montou a lombos dun boi e acompañado por varios criados e cargado de sacos con formigas e fariña encabezou a procesión do Corpus. Cando os xudeus apareceron para boicotear o acto, a base de cornadas e chuvia de formigas e fariña escorrentou para sempre aos xudeus.

Dende entón e ata 1936, todos os anos polo Corpus saía o Boi en Allariz. Durante a guerra suspendeuse, para despois dela espertar lentamente, e apagouse de forma definitiva a finais dos 50, principios dos 60. Dende entón, e segundo palabras de Antonio Blanco, “o Boi vive agochado no corazón dos alaricanos”, ata que en 1983, un grupo de mozos decide recuperar a festa, e o boi volve correr por Allariz.

O ascenso en participación, popularidade e proxección pública da festa dende a súa recuperación é espectacular; boa proba disto, son os 10 días de duración actual da festividade e do número de visitantes que se achegan todos os anos polo Corpus Christi a Allariz.

Dende a data da recuperación da festa, esta tense convertido nun referente dentro da programación cultural da Vila. A Asociación Cultural Xan de Arzúa encargada da organización da festa, pretende que o 2017 sexa un ano cargado de actividades culturais que afiancen o coñecemento da dimensión histórica de dita festa, porque se algo xustifica que un boi corra polas rúas de Allariz é a memoria.

- 9,00 h **Recepción dos asistentes ao Congreso. Recollida de material.**
- 9,15 h **Presentación do Congreso.**
- 10,00 h **Allariz do século XI ao XIII: do nacemento da Vila á fundación de Santa Clara.**
Relator: Francisco Javier Pérez Rodríguez. Profesor Titular de Historia Medieval da Universidade de Vigo.
- 10,45 h **Estado das Fontes Históricas do Allariz Medieval.**
Relatora: M^a. Beatriz Vaquero Díaz. Profesora Titular de Historia Medieval da Universidade de Vigo.
- 11,30 h **Pausa. Café.**
- 12,00 h **Os xudeus de Allariz.**
Relatora: María Gloria de Antonio Rubio. CSIC. Instituto de Estudos Galegos “Padre Sarmiento”.
- 12,45 h **Allariz do século XVIII. A Festa do Corpus.**
Relator: Juan Antonio Seara Ferro. Técnico de Cultura do Concello de Allariz e membro da Asociación Xan de Arzúa.
- 13,30 h **Mesa Redonda. Xustificar a Festa do Boi por medio da Historia I.**
Relator: Francisco Javier Pérez Rodríguez, M^a. Beatriz Vaquero Díaz, María Gloria de Antonio Rubio, Juan Antonio Seara Ferro. Modera: Antonio Blanco Rodríguez. Historiador e membro da Asociación Cultura Xan de Arzúa.
- 14,00 h **Fin xornada da mañá.**
- 16,00 h **O Urbanismo do Allariz medieval.**
Relator: Anselmo López Carreira. Profesor - Titor da UNED de Ourense.
- 16,45 h **A Figura de Xan Carallás de Redondela.**
Relator: José Martínez Crespo. Profesor de Historia no IES de SAR de Santiago.
- 17,30 h **Pausa.**
- 18,00 h **Documentación de Allariz a través dos séculos.**
Relator: Pablo Sánchez Ferro. Director do Arquivo Histórico Provincial de Ourense.
- 18,45 h **A festa do Boi como ferramenta pedagóxica: Quince anos do *Boi na escola*.**
Relator: Arnoia Bouzas. Mestrado en Antropoloxía Cultural pola Universidade de Boloña.
- 19,30 h **Mesa Redonda. Xustificar a Festa do Boi por medio da Historia II.**
Relatores: Anselmo López Carreira, José Martínez Crespo, Pablo Sánchez Ferro e Arnoia Bouzas. Modera: Juan Antonio Seara Ferro. Técnico de Cultura do Concello de Allariz e membro da Asociación Xan de Arzúa.
- 20,00 h **Clausura do Curso.**